

Organismo: ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Capítulo:

Epígrafe:

(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")

RESOLUCIÓN do 6 de abril do 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión dos premios do concurso infantil de poesía orientado aos fillos e fillas dos empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia con idades entre os 8 e os 14 anos

SUMARIO:

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

Un dos fins da EGAP, establecido no seu artigo 3, é a difusión e normalización da lingua galega. Consideramos que para conseguir este fin é importante comezar canto antes, para que os nosos fillos tomen conciencia do seu idioma e da cultura que ao seu través nos transmitiron os nosos devanceiros.

Por esta razón, como un máis dos actos que a EGAP organizará para honrar as letras galegas, especialmente este ano a Manuel María, convócase un premio de poesía entre os fillos dos empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia, que ten como obxectivo motivalos no uso da súa lingua e na realización dunha actividade cultural que siga a esteira das cantigas medievais e de tantos poetas que engrandeceron o idioma e a cultura da nosa terra.

Por todo isto, en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, apróbanse as bases e a convocatoria pública para conceder os premios de poesía, de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto e réxime xurídico

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e anúnciase a convocatoria, baixo o réxime de concorrencia competitiva, do concurso de poesía infantil orientado aos fillos e fillas de empregados do sector público autonómico e das institucións de Galicia, con idades comprendidas entre os 8 e os 14 anos.

A concesión dos premios rexerase por estas bases, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e, subsidiariamente, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións

Segunda. Dotación e imputación orzamentaria

Existirán tres premios, cada un deles coa seguinte dotación económica:

- 1º premio: 250 €
- 2º premio: 200 €
- 3º premio: 150 €

Estas cantidades serán imputadas aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2016 con cargo á aplicación orzamentaria da EGAP 05.80.122B.4800 e estarán suxeitas ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión.

Terceira. Participantes e contido

Poderán optar aos premios os fillos e fillas dos empregados do sector público autonómico de Galicia con idades comprendidas entre os 8 e os 14 anos. A idade estará referida á data de finalización do prazo de presentación de traballos.

Os textos versarán sobre o homenaxeado este ano o día das letras galegas, Manuel María, e a súa obra. A extensión será dun folio e só se terán en conta para a valoración as obras escritas en lingua galega.

No poderán acceder a estes premios os participantes cuxos representantes legais se atopen afectados por algunha das circunstancias previstas nos artigos 10.2º e 10.3º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Cuarta. Forma de presentación

A solicitude, anexo I, irá acompañada dun sobre tamaño folio, pechado, coa seguinte inscrición: concurso de poesía infantil da EGAP e o pseudónimo e título do poema. Este sobre incluírá:

1. O texto do poema en folio formato A4. Na cabeceira indicárase exclusivamente o título/lema do poema presentado e o pseudónimo. Neste texto non poderá figurar ningún dato que permita identificar o participante e romper o anonimato.
2. Un sobre pequeno pechado no que constará o pseudónimo e o título/lema do poema. Este sobre conterá os seguintes documentos:
 - Boletín de inscrición (anexo II), que estará dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>.
 - Fotocopia do libro de familia onde consten os datos de nome e idade do fillo que se presenta ao concurso.

A presentación da solicitude polo representante legal de autor comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, o representante legal do autor poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Quinta. Prazo e lugar de presentación

O prazo será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Diario Oficial de Galicia.

A solicitude xunto co sobre pechado deberá dirixirse á dirección da EGAP e poderá presentarse en calquera dos lugares ou rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e na súa disposición adicional 18ª. Así mesmo tamén poderá presentarse no Rexistro Xeral da EGAP.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexta. Instrución e tramitación das solicitudes

A Dirección da EGAP, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instructor do procedemento, nos termos recollidos no artigo 21 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, correspondéndolle realizar de oficio cantas actuacións xulgue necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe pronunciar o ditame de concesión dos premios. En particular, terá atribuídas especificamente as funcións de recepción dos orixinais presentados, a instrución e o requirimento aos solicitantes da emenda, si fose necesario.

Sétima. Xurado

Para a valoración dos textos constituirase un xurado formado por seis persoas do ámbito literario e docente. Actuará como secretario, con voz e sen voto, un membro do cadro de persoal da EGAP proposto pola súa dirección.

O presidente dirimirá co seu voto de calidade os empates en caso de producirse. A composición do xurado farase pública na páxina web da EGAP.

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia, como mínimo, de dous terzos dos seus membros. As súas deliberacións serán secretas e da decisión redactarase a acta correspondente, que será asinada polo presidente e o secretario.

Os fillos membros do xurado non poderán presentar textos a esta convocatoria.

Os premios poderán ser declarados desertos de así o considerar o xurado.

Co fin de garantir o anonimato, a dirección da EGAP facilitará ao xurado, para o desenvolvemento das súas funcións, unicamente o sobre relativo ás obras presentadas, mantendo custodiado o sobre relativo á súa identificación ata que se resolva o procedemento.

Oitava. Criterios de valoración, exame e proposta de resolución: ditame do xurado

O xurado, tendo en conta os criterios de valoración que se especifican a seguir, relacionará os textos presentados por orde de prelación na acta correspondente.

O xurado, á hora de avaliar os textos presentados, terá en conta os seguintes criterios de valoración:

- a) Calidade poética: 15 puntos.
- b) Orixinalidade: 15 puntos
- c) Valores relacionados coa nosa cultura e país: 10
- d) Coidado da lingua: 10 puntos.

Novena. Resolución, comunicación, aceptación e recursos

A Dirección da EGAP en base á proposta do xurado resolverá o procedemento de concesión no prazo de cinco días desde a data de elevación da proposta de resolución.

Para tal efecto, unha vez que o xurado eleve a proposta, a Dirección da EGAP procederá á apertura do sobre pequeno, relativos á identidade dos participantes.

A relación dos gañadores do concurso publicarse na páxina web da EGAP, cada un deles debe aceptalo no prazo de cinco días; comunicándose a continuación o día en que se fará entrega dos premios.

Décima. Publicidade das obras premiadas

A EGAP publicará na súa páxina web una relación que conteña os extremos indicados na Ley 9/2007, de subvencións de Galicia, polo que a presentación da solicitude comporta a autorización para o tratamento dos datos dos premiados.

Os datos relevantes referidos ás axudas, subvencións ou premios recibidos, así como as sancións impostas, incluíranse nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sanción, regulados no Decreto 132/2006, de 27 de xullo.

Sen prexuízo do anterior e como cautela prevista no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (e coa finalidade de protexer a identidade e os datos persoais dos participantes nesta convocatoria), na relación publicada na páxina web unicamente se fará constar unha referencia aos datos dos participantes que resultasen premiados, quedando preservados e debidamente protexidos a identidade e os demais datos persoais dos restantes participantes na convocatoria.

Décimo primeira. Datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado: solicitantes de subvencións, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Escola Galega de Administración Pública. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría xeral, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: EGAP, rúa Madrid 2-4 15707 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a secretaria.egap@xunta.es

Décimo segunda. Pagamento dos premios

Os premios outorgados por estas bases serán aboados dentro do exercicio económico 2016, unha vez que quede debidamente acreditada a identidade do autor. Así mesmo, e ao resultar que o requisito de achega da documentación necesaria para a xustificación e cobramento do premio xa foi cumprido mediante a presentación da solicitude de participación, non será necesario presentar ningunha outra documentación complementaria para a súa liquidación.

Décimo terceira. Retirada de orixinais non premiados

Os textos non premiados poderán ser retirados das oficinas da EGAP, logo de presentar a solicitude de retirada asinada polo representante legal do autor e unha identificación no momento da súa recollida, nun prazo de trinta (30) días contados a partir do seguinte ao da comunicación do xurado. Aqueles que non sexan retirados no prazo indicado serán destruídos, sen que caiba ningunha reclamación ao respecto.

Décimo cuarta. Información e control

Os representantes legais dos beneficiarios dos premios quedan sometidos ás actuacións de comprobación e control efectuadas polo órgano competente para resolver, así como ás de control financeiro desenvolvidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou polo Consello de Contas segundo a súa normativa propia.

Ademais, deberáselle facilitar á EGAP toda a información e documentación complementarias que considere precisa para a concesión ou o aboamento do importe dos premios.

Décimo quinta. Comunicación á base de datos nacional de subvencións

En cumprimento do disposto no artigo 20 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións(BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Décimo sexta. Aceptación e desenvolvemento das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

Disposición final

Facúltase á directora da EGAP a ditar cantas instrucións sexan precisas para o axeitado desenvolvemento das presentes bases.

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González

Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS DO CONCURSO INFANTIL DE POESÍA ORIENTADO AOS FILLOS/AS DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA CON IDADES COMPRENDIDAS ENTRE OS 8 E OS 14 ANOS.	PR775A	SOLICITUDE

PSEUDÓNIMO CON QUE SE PRESENTA

TÍTULO OU LEMA DO POEMA


LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 6 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión dos premios do concurso infantil de poesía orientado aos fillos e fillas do persoal do sector público autonómico e das institucións de Galicia con idades entre os 8 e os 14 anos.

SINATURA

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--



Escola Galega de Administración Pública (EGAP)

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PREMIOS DO CONCURSO INFANTIL DE POESÍA ORIENTADO AOS FILLOS/AS DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO DE GALICIA CON IDADES COMPRENDIDAS ENTRE OS 8 E OS 14 ANOS.	PR775A	INSCRIPCIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)							
TIPO	NOME DA VÍA			NUM	BLOQ	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		CONCELLO		LOCALIDADE		
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO				

DATOS BANCARIOS							
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.							
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)			
				IBAN			

DATOS DO NENO/A AUTOR/A DO POEMA			
NOME		PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS DO POSTO DE TRABALLO DA PERSOA EMPREGADA PÚBLICA SOLICITANTE	LUGAR (DEPARTAMENTO / DIRECCIÓN XERAL / CONSELLERÍA)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1. Que o texto é inédito e non foi representado nin premiado en ningún momento anterior.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA
☐ Copia do libro de familia onde consten os datos de nome e idade do fillo/a que se presenta ao concurso.


En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a secretaria.egap@xunta.es.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 6 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se fai pública a convocatoria para a concesión dos premios do concurso infantil de poesía orientado aos fillos e fillas do persoal do sector público autonómico e das institucións de Galicia con idades entre os 8 e os 14 anos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data					
	,		de		de

**Escola Galega de Administración Pública (EGAP)**